



.....

**Encontros Monográficos co
Patrimonio Cultural 32**

**Balance de 5 anos
de investigación
dende o colectivo
de RomanArmy.eu**

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 29 de xuño de 2021



O colectivo Romanarmy.eu constituíuse hai cinco anos co obxectivo de artellar novas metodoloxías e narrativas para o estudo da expansión do estado romano no noroeste peninsular (Galicia, Asturias, occidente de León e Zamora e norte de Portugal). Facendo uso de técnicas e recursos propios da era dixital (fotografía aérea e por satélite, LiDAR aéreo, drons, sistemas de información xeográfica etc.) e cunha estrutura de traballo horizontal e democrática, fomos capaces de identificar e catalogar dúzias de novos sitios arqueolóxicos que poden relacionarse coa presenza militar romana nestes territorios.

Nunha segunda fase do noso traballo, prospectamos e escavamos varios destes asentamentos coa intención de entender mellor os ritmos da conquista e calibrar a resposta das comunidades indíxenas á chegada de Roma. A abundante información arqueolóxica obtida permite agora facer balance da experiencia, reflexionar sobre as nosas preguntas de investigación e sentar as bases de futuros traballos.

O noso colectivo condensa as distintas traxectorias profesionais e científicas dos seus integrantes, confluindo na preocupación pola necesaria socialización do noso patrimonio arqueolóxico e cultural. Por este motivo, apostamos por unha linguaxe narrativa e visual innovadora, procurando ir máis aló do achegamento da nosa investigación ao gran público e intentando facelo partícipe desta.

Imaxe da portada: A Cortiña dos Mouros (Cervantes, Lugo - Balboa, León).

Programa

16:30 horas
Presentación

16:45 horas
Relatorios

*Das palabras aos feitos:
documentando as pegadas
arqueolóxicas do exército romano na
fin do mundo*

José Manuel Costa-García, Sincrisis,
USC

*Actitudes indíxenas fronte ao
expansionismo romano no noroeste
ibérico: axenda de traballo*

David González Álvarez, Incipit, CSIC

*Divulgación arqueolóxica sobre a
conquista romana: entre os discursos,
as identidades e os formatos*

Manuel Gago Mariño, director do
portal culturagalega.gal do Consello
da Cultura Galega

18:15 horas
Debate

Modera: **César Parcero**

Organiza

Sección de Patrimonio e Bens Culturais. Consello da Cultura Galega

Coordina

Rebeca Blanco Rotea

Lugar

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscrición

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado.

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organiza:

